

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DA INFRAESTRUTURA NO NÚCLEO DE MIXÓS (FASE II), CONCELLO DE MONTERREI

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a humanización e mellora da infraestrutura no núcleo de Mixós (Fase II), concello de Monterrei.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita



oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Concello de Monterrei é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Monterrei está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

A actuación desenvolverase no núcleo de Mixós, dentro do trazado do Camiño de Santiago Vía da Prata, que é o camiño xacobeo galego de maior percorrido. Ademais a obra está afectada ao patrimonio polo elemento catalogado da Igrexa de Santa María de Mixós, un templo de orixe prerrománico que conserva no seu interior pinturas murais da época medieval e elementos construtivos que lembran a presenza dun mosteiro na mesma zona. Por último este núcleo tamén se atopa catalogado como Ben de Interese Cultural de área integral (COD 3205002).

Terceiro.- Que a actuación a realizar sitúase na Praza do Forno, no núcleo rural de Mixós, concello de Monterrei. Actualmente obsérvase que o pavimento de formigón atópase moi deteriorado e propónse a súa mellora, ademais da renovación das redes que dan servizos aos veciños do núcleo. As obras proxectadas comprenden as seguintes actuacións:

- Movemento de terras e traballos previos

Existen dúas zonas diferenciadas, unha continuación da Fase I e a segunda no contorna da igrexa. Na primeira zona demolerase o pavimento de formigón



existente e escavarase a caixa do camiño. Na contorna da igrexa a actuación consiste no desmorte das lousas de pedra para a execución das redes de instalacións e a súa posterior recolocación. Finalizando este capítulo abriranse as gabias para a colocación das redes se abastecemento, saneamento, augas pluviais e alumeado.

- Saneamento, abastecemento, pluviais e alumeado

Colocaranse as canalizacións e as acometidas necesarias, así como pozos de rexistro e sumidoiros para pluviais. En canto ó alumeado deixarase a infraestrutura preparada para o seu soterramento.

- Firmes

Na continuación da Fase I estenderase unha base de saburra artificial e posteriormente executarase un carril de pavimento de formigón. Na segunda zona, na contorna da igrexa, que actualmente ten un pavimento de lousa de pedra granítica, só se procederá ó desmorte destas para a súa posterior recolocación, xa que nesta zona o que se vai a executar son todas as redes de instalación (saneamento, abastecemento, pluviais e alumeado).

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Con estas actuacións preténdese a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e



humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

